

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso dun procedemento de dependencia

Expediente: G.6.Q/14918/17

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2017

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de ■■■■■ relativo ao retraso do procedemento de dependencia do seu pai.

#### ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que reclama pola demora na tramitación do expediente do seu pai, de 91 anos. Desde o 30/6/16 vive nunha residencia para maiores e solicitouse a revisión da súa situación e a libranza de domicilio, recibindo como resposta que perderan a documentación, debendo volver presentar todo e por tanto empezando a contar o tempo desde cero. Iso supón un menoscabo na consecución dos seus dereitos. En lugar de valorar a dependencia, sempre que se puxeron en contacto con el foi para que presente os rendementos da súa conta bancaria. Coñece persoalmente a persoas que solicitaron a libranza de domicilio e a revisión moito máis tarde e xa foron resoltos os seus expedientes. Segundo di, toda esta perda de tempo unicamente ha de ter un fin, o falecemento do seu pai, como por desgraza sucedeu en tantos e tantos casos.

2. Ante iso requirimos información a esa consellería, que nola remitiu. Nela sinalou o seguinte:

“... En data 17 de decembro de 2015, ■■■■■, formula solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia, de acordo co establecido na Lei 30/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia. Nesta primeira solicitude, o usuario solicita o servizo de axuda no fogar. En data 30 de xuño de 2016 dítase resolución pola que se lle recoñece un grao II de dependencia. En data 21 de xullo de 2016 requíriuselle diversa documentación preceptiva para poder elaborar a Proposta. Ao non achegala completa, en data 24 de outubro de 2016 prodúcese un segundo requirimento. A persoa en situación de dependencia ingresa no centro de atención residencial. En data 11 de outubro

de 2016 presenta unha solicitude onde se especifica como recurso idóneo a libranza vinculada a centro de atención residencial. En data 9 de decembro de 2016 valórase como recurso idóneo a libranza vinculada a centro de atención residencial. En data 15 de decembro de 2016 emítase a Proposta de PIA de Libranza vinculada ao servizo de centro de atención residencial. Ao entenderse, desde a xefatura territorial, a solicitude presentada en data 11 de outubro onde se especifica o desexo de cambio de recurso por parte do usuario, como unha nova solicitude, a data de efectos económicos da libranza vinculada ao servizo de atención residencial é o 1 de maio de 2017”.

3. O reclamante indicou que aínda non tiña o PIA e por tanto a situación era a mesma que cando formulou a queixa. Ademais indica que o ingreso en praza residencial que se menciona no informe foi estritamente privado.

4. O informe da consellería non indicaba cando se resolvería sobre o PIA, cuxo prazo xa vencera, polo que lle requirimos aclaración. A consellería respondeu que “... o ingreso da persoa en situación de dependencia foi nunha residencia privada, de aí que a persoa interesada presentase unha solicitude onde se especifica como recurso idóneo a libranza vinculada a centro de atención residencial (prestación económica destinada á facilitar a adquisición dun servizo, neste caso o de atención residencial, no ámbito privado), e este se considerase idóneo polo Órgano de Valoración. O estado de tramitación do expediente segue a ser idéntico ao recollido no informa anterior de data 26/4/2017, no relativo á proposta de PIA existente que non chega a efectivizarse, toda vez que no transcurso deste ano non existiu crédito habilitado para novas altas de libranzas vinculadas.

Nestes días estamos pendentes da fiscalización e contabilización por parte da Intervención delegada da Consellería de Política Social dunha desconcentración de crédito que posibilitará a concesión de novas libranzas vinculadas por parte das Xefaturas territoriais; descoñecendo se a contía desconcentrada permitirá no seu momento o envío deste expedientes a Intervención. Hai que ter en conta que existe bastantes expedientes de grao III e de grao II con inferior capacidade económica a este expediente obxecto da queixa, e que polo tanto resultarán prioritarios en canto a súa resolución”.

## ANÁLISE

1. Confírmase a queixa; o expediente atópase demorado, posto que a revisión do PIA iniciouse o 11 de outubro de 2016 e segue sen resolverse, despois de transcorrer amplamente o prazo legal. Nin no primeiro nin no segundo informe se concreta a data na que finalmente se resolverá, polo que continúa a incerteza.

2. O Decreto 15/2010 conforma dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do PIA. Establece para o recoñecemento da dependencia un prazo de 3 meses (art. 14) e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende o recoñecemento previo (art. 15).

3. Por tanto, o expediente debera atoparse resolto. As demoras prexudican gravemente aos cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención. Ademais, de acordo coas previsións da lei de dependencia teñen o dereito subxectivo a recibilo.

4. En 2016 valorouse a libranza residencial como recurso idóneo e deuse proposta de PIA para iso. Porén, agora non se concreta, polo que non se acaba de entender a mención á data dos efectos económicos desa libranza (1 de maio de 2017) se non se concreta (aprobación inminente).

5. A interesada que reclama a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos discapacitados, aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

*Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto desta queixa, relativo ás prestacións derivadas da lei de dependencia, de tal maneira que non se produzan demoras que prexudican aos afectados.*

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

En aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdao atentamente.

Milagros M<sup>a</sup> Otero Parga  
Valedora do Pobo